

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 23 de agosto de 2012 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2011-2012 convocados pola Orde do 2 de maio de 2012 (Diario Oficial de Galicia do 7 de maio).

A Orde do 2 de maio de 2012 (DOG do 7 de maio), pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2011-2012, establece no seu artigo 10.3 que o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo tribunal ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizadas as probas, publicada a acta provisional coas cualificacións obtidas polos alumnos e alumnas, resoltas as reclamacións presentadas e vistas a acta coa proposta definitiva do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2011-2012 e a correspondente proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a concesión destes premios,

DISPOÑO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de bacharelato, correspondentes ao curso 2011-2012, ao alumnado que figura no anexo a esta orde.

Segundo. Contra esta orde de adxudicación dos premios poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben impugnala na vía xurisdiccional ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2012

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

**Relación de premios extraordinarios de bacharelato correspondentes
ao curso 2011-2012**

N.º solíc.	Nome e apelidos	Código centro	Centro de estudos
6801	Andrea Mosquera Alonso	15006730	IES Sofía Casanova
6638	Óscar Rivero Salgado	32014801	IES Cidade de Antioquía
7194	Beatriz Sanjurjo Lamela	27006541	IES N. Sra. dos Ollos Grandes
7170	María Luisa Iglesias Taboada	15004642	CPR Santa María del Mar
7196	Berta Fernández Rosón	15015603	CPR Plu. La Salle
6612	Alberto Escobar Rivas	36006717	IES Sánchez Cantón
7019	Inés María Rodríguez Naz	36011798	IES Alexandre Bóveda
6910	Jorge Boán Pérez	32008941	IES Eduardo Blanco Amor
6691	Alejandro Dopereiro Domínguez	32008941	IES Eduardo Blanco Amor
6906	Emma Pereira Arias	32008941	IES Eduardo Blanco Amor
7050	Xoel López Barata	32008513	CPR Santa Teresa de Jesús
6951	Eduardo Iraola de Acevedo	15004538	CPR Plu. Salesiano S. Juan Bosco
6987	Adrián Viéitez Torrado	36011592	IES Santa Irene
6673	Emma Fernández Galego	15011002	CPR Plu. Hijas de Cristo Rey
7052	Nieves Bayón Fernández	32009190	IES As Lagoas
6921	Ramón Garrido González	36019281	CPR Sek-Atlántico
7086	Aida Albertos Goyos	27010933	IES Dionisio Gamallo Fierros
7077	Miguel Rodríguez Raposo	15015561	CPR Manuel Peleteiro
7075	Miguel Jerónimo Múgica de Rivera	15015561	CPR Manuel Peleteiro
6522	Manuel Antonio Paradela Maceiras	15015861	IES Eduardo Pondal